



CONTACTA CON VIEIROS

NOVAS

HOXE AO COMPLETO

OPINIÓN

NO ESCÁNER

GALERÍAS FOTOGRÁFICAS

ALGO ESPECIAL

ANTERIORES

COMUNIDADE

AXENDA

CHAT-CHAT-CHAT

FOROS

ENQUISAS

POSTAIS

TENDA

LIGAZÓNS

BUSCADOR

NOVIDADES

TOP100

DOSSIERS

PUBLICIDADE

QUE É VIEIROS

11 DOS FILMES SELECCIONADOS SON PRODUCCIÓNS GALEGAS

O certame de curtas de Vilagarcía iniciou a proxección daquelas que competirán polos premios

[16/10/2006 18:46] O [certame audiovisual internacional Liceo Casino de Vilagarcía](#) comezou a súa recta final este sábado coa proxección das obras seleccionadas polo xurado para optaren polos premios. Estes "curtamaratóns" proxectaranse até o xoves e as películas gañadoras daranse a coñecer o vindeiro día 20 na entrega de premios, aínda que o festival, que vai pola XXXIV edición, xa comezou a primeiros do verán e xuntou un total de 372 películas na sección oficial.



Desde este sábado e até o xoves poderase ver en Vilagarcía unha selección das 38 obras que compiten na recta final polos 5 premios deste certame internacional de curtametraxes. As que resulten premiadas acadarán o seu galardón nunha gala conducida por Carlos Blanco e que se celebrará o venres 20 de outubro. Once dos filmes que chegaron até esta recta final son galegos e para eles tamén haberá un premio especial, o "Galicia", dotado con 1.500 euros para o filme que resulte gañador.

Das 38 películas seleccionadas, once foron feitas por realizadores do país. Entre elas atópanse Currículo, de Edu Lavandeira (Vigo), Baseado en feitos que puideron ter acontecido, de X. A. Porteiro (A Coruña), En teoría, de Lidia Fraga (Oleiros), El nunca o faría, de Javier Cea (Vigo), Cicatrices, de Jairo Iglesias (Vigo), Te quiero mal, de Mireia Giró (A Coruña), febrero, domingo, de David Hernández (Vilagarcía), O conxuro, de Pablo Millán (Vilagarcía), Vecinos, de Mario Iglesias (Pontevedra), Km 53, de Nacho Avia (Vigo), O boiro, de Fernando Cortizo, El ladrón de muñecas, de Fernando Cortizo (Pontevedra); estas tres últimas de animación.

En canto aos demais premios, o primeiro levará 2.000 euros, mentras que o segundo percibirá 1.500 e o terceiro 1.000. Tamén serán recompensados os novos realizadores, cun total de 600 euros para a película que resulte gañadora nesta categoría e haberá ademais un accésit ao certame que outorgará 300 ao filme vencedor. Os restantes premios recoñecerán un filme de animación, con 1.500 euros e outro que sexa avalado pola propia entidade organizadora, o Liceo Casino, que repartirá 600 euros ao filme gañador.

De xeito parello ao certame, celébranse durante un mes múltiples actividades como obradoiros de guión, de plastilina, de iniciación á curtametraxe, proxeccións de películas de Fellini e de Tom DiCillo, premiado recentemente en Donostia coa cuncha de prata, espectáculos de maxia, concertos. Ademais, Vilagarcía tamén acollerá a estrea de Temporada 92-93, unha curtametraxe protagonizada por Carlos Blanco e Miguel de Lira e dirixida polo vigués Alejandro Marzoa que se estreará o venres fóra de concurso.

O xurado da XXXIV edición do certame de curtas de Vilagarcía, do que forman parte Uxía Blanco, Jorge Coira, Manuel Torrente, Benjamín Rey, Xoán Mariño, Marcos Nine, Carmen López e o presidente do Liceo Casino, Alvaro Paz, quen destacou na súa primeira reunión o "altísimo nivel das curtametraxes seleccionadas" así como a variedade xeográfica das mesmas.

Ligazóns relacionadas:

- [Programa completo do certame internacional de curtas de Vilagarcía](#)
- [Un mes de gran cine en pequeno formato](#)

OUTRAS NOTICIAS

- [Cuiña e Crespo volven achegar posicións dentro do PPdeG](#)
- [Os mestres sinalan que o alumnado do rural aínda sofre marxinación educativa](#)

PUBLICIDADE



PUBLICIDADE



Queres traballar con nós?
Buscamos xornalistas para a redacción de Vieiros.


PUBLICIDADE



PUBLICIDADE



PUBLICIDADE



- ❑ [Galiza desprega os seus 'tentáculos' na ONU](#)
- ❑ [Liberan o cooperante galego despois de sete horas de secuestro en Gaza](#)
- ❑ [Lula repetirá como presidente brasileiro](#)
- ❑ [A Policía investiga as conexións entre narcotráfico e venda de coches importados](#)
- ❑ [Será Aznar o próximo magnate español dos medios?](#)
- ❑ [Tourinho e Feijoo cítanse o 15 de novembro para relanzar o debate estatutario](#)
- ❑ [Malia atribuírle as riadas aos lumes o alcalde de Cee cavila a suspensión de licenzas urbanísticas](#)
- ❑ [Corea do Sur anuncia o seu regreso ao dialogo logo da proba nuclear](#)



Nova entrega de **Vieiros da Escola**: noticias e recursos educativos sobre "O Samain".

PUBLICIDADE



© Vieiros